



Ética no

acceso e no uso

da documentación clínica

REFLEXIÓNS E RECOMENDACIÓNS

EDICIÓN BILINGÜE



# Ética no acceso e no uso da documentación clínica

REFLEXIÓNS E RECOMENDACIÓNS

## **Autores**

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Ana Concheiro Guisán

Teresa Conde Cid

Olivia Díez Lindín

Irene Esperón Rodríguez

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Alberto Ruano Raviña

Silvia Sánchez Radío

José Antonio Seoane Rodríguez

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea

Alfredo Valdés Paredes

Isabel Vila Iglesias

Todos eles integran o Consello de Bioética de Galicia. Os/as autores/as aprobaron este texto na 19ª sesión ordinaria do pleno do Consello de Bioética de Galicia, celebrada o 12 de setembro de 2017 en Santiago de Compostela.

*Agradecementos: A Mª José Rubio Vidal e, en especial, a Jorge Prado Casal, polas súas contribucións á mellora deste documento.*

**Edita\_Xunta de Galicia.** Consellería de Sanidade  
Secretaría Xeral Técnica-Consello de Bioética de Galicia

**Lugar\_Santiago de Compostela**

**Ano\_2017**

**Deseño e maquetación\_KRISSOLA DISEÑO, S.L.**

# Ética no acceso e no uso da documentación clínica

REFLEXIÓNS E RECOMENDACIÓNS

EDICIÓN BILINGÜE

## **G**

Páxina

→ 5 → 6	Presentación
→ 7 → 10	1 Introducción
→ 11 → 16	2 Dimensión teórica: marco ético
→ 17 → 29	3 Dimensión práctica
→ 31 → 35	4 Recomendacións
→ 37 → 38	5 Normativa

## **C**

Página

Presentación	→ 43 → 43
1 Introducción	→ 44 → 45
2 Dimensión teórica: marco ético	→ 46 → 48
3 Dimensión práctica	→ 49 → 55
4 Recomendaciones	→ 55 → 56
5 Normativa	→ 56 → 57

### MODO DE NAVEGACIÓN

Un **click** nos  
capítulos do índice  
enlaza coa páxina  
correspondente

Bio<sup>+</sup>ética



Un **click** nos gráficos de páxina enlaza co **índice**



**Click** de enlace



# Bioética

## Presentación

**G** 5 → 6  
**C** 43 → 43

O Consello de Bioética de Galicia é un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independente ao que lle corresponde, segundo a súa Orde reguladora do 16 de outubro de 2015, asesorar a Administración e os profesionais da saúde, promover no ámbito sanitario a formación e a consideración da Bioética como criterios de calidade e boa práctica profesional, e contribuír á información e favorecer o debate da cidadanía sobre as dimensións éticas e sociosanitarias da práctica asistencial.

Para satisfacer o dito compromiso publicou en 2016 o seu primeiro documento, O conflito de intereses no ámbito da saúde. Un ano despois continuou o desenvolvemento de temas estratéxicos da organización sanitaria galega con Ética no acceso e o uso da documentación clínica. Reflexións e recomendacións, que é o resultado dun xenuíno proceso deliberativo no que os membros do consello propuxemos e cuestionamos libremente os nosos propios argumentos ata alcanzar respostas prudentes e universalizables.

Este segundo documento prorroga unha das liñas de traballo iniciadas pola Comisión Galega de Bioética, a nosa antecesora, e completa as súas contribucións sobre confidencialidade e intimidade en varios sentidos. En primeiro lugar, actualiza a súa fundamentación e o seu contexto de aplicación. En segundo lugar, subliña a dimensión práctica e a aplicabilidade da Bioética. Finalmente, en terceiro lugar, analiza en detalle o acceso e o uso á documentación clínica, escenario controvertido no que converxen responsabilidades institucionais, obrigas profesionais e dereitos dos usuarios.

# Bio



Como expresamos en ocasións anteriores, o Consello de Bioética de Galicia pretende mostrar e examinar criticamente a dimensión ética da práctica sanitaria para consolidar unha mirada bioética no exercicio profesional e o funcionamento das institucións. Este documento quere cumprir a dita misión ofrecendo argumentos éticos para promover unha cultura da confidencialidade no sistema de saúde de Galicia a través da actuación responsable dos seus tres principais axentes. O exercicio da autonomía e os dereitos da cidadanía só pode garantirse mediante o respecto por parte dos profesionais e o compromiso da Administración e das institucións sanitarias na súa tutela.

Se os accesos e os usos da documentación clínica deben guiarse por criterios éticos, e non responder unicamente a criterios tecnolóxicos, a responsabilidade do deseño, desenvolvemento e utilización de ferramentas como a historia clínica electrónica é nosa. Aquí está a achega do Consello de Bioética de Galicia para a dita elección, sustentada nunha rotunda afirmación: a confidencialidade debe seguir sendo un valor que hai que garantir no sistema de saúde.

José Antonio Seoane  
PRESIDENTE DO CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

# Bioética

## 1 | Introducción

1

G 7 → 10

C 44 → 45

Os avances tecnolóxicos están presentes en todos os ámbitos da vida. Aparecen no desenvolvemento de calquera actividade profesional, incluída a atención sanitaria, e así sucede na era dixital. O tránsito dun sistema de recompilación de información en papel a outro tipo de xestión da información, impulsado en Galicia pola Consellería de Sanidade mediante a aprobación do Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regulou o uso e o acceso á historia clínica electrónica, permite incorporar novas tecnoloxías de xestión da información sanitaria para a súa utilización, consulta, almacenamento e custodia.

Este fito tecnolóxico e normativo mellorou a facilidade e a calidade do acceso á información de pacientes e profesionais e universalizou a posibilidade de acceso. Con todo, tamén incrementou o risco de accesos indebidos ao poñer ao alcance de miles de profesionais sanitarios información clínica. A mera aplicación de medidas técnicas de seguridade non basta para resolver este problema. Para que as amplas funcionalidades tecnolóxicas non condicionen o cumprimento das obrigas xurídicas e os deberes éticos é necesario que tales medidas vaian acompañadas dun compromiso co respecto á confidencialidade contraído por profesionais, usuarios, institucións e Administración.

Segundo os datos facilitados pola Inspección de Servizos Sanitarios da Provincia da Coruña<sup>1</sup>, entre abril de 2011 e abril de 2017 un 20 % das dilixencias de informacións previas realizadas polo seu departamento estaban relacionadas con accesos inxustificados á historia clínica. A reclamación ou denuncia interposta por profesionais, Administración ou usuarios ante a sospeita de que

1 Pilar Fernández Romero, Manuela Guillán de Dios, M.<sup>a</sup> José Rubio Vidal. Informacións previas e expedientes disciplinarios por accesos indebidos á historia clínica electrónica. Relatorio presentado nas III Xornadas de inspección de Servizos Sanitarios de Galicia. Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017.

# Bioética

familiares ou outras persoas achegadas tiveran acceso a información sobre a súa saúde sen a súa autorización foi a causa máis frecuente do inicio de tales procedementos. Nos ditos procesos de información previa confirmouse o acceso á historia clínica nun 82 % dos casos, e nun 91 % destes accesos non había xustificación asistencial. Outro dato relevante que hai que comentar é que, no período antes indicado, o 19 % dos expedientes disciplinarios abertos en Galicia a profesionais do ámbito sanitario estivo relacionado con accesos indebidos a datos clínicos.

Entre as distintas razóns ou causas que explican esta situación sobresaen dúas. En primeiro lugar, unha razón técnica ou, se se prefire, fáctica. Para proporcionar as máximas garantías asistenciais a historia clínica electrónica non limita de antemán o acceso á información contida, se ben isto non equivale á posibilidade dun acceso indiscriminado. Os profesionais teñen a responsabilidade de decidir a pertinencia de cada acceso e achegar argumentos –éticos, xurídicos, sociais, prácticos– que o xustifiquen. En consecuencia, non resulta válido o imperativo tecnolóxico: o que é tecnicamente posible está permitido e pode facerse, e si ten sentido, en troques, formular un imperativo ético: non todo o tecnicamente posible é eticamente correcto ou está permitido. Esta existencia ética non nega o acceso á documentación clínica nin o desenvolvemento da técnica; o que propón é non deterse na descrición da realidade e completar o plano dos feitos cun xuízo de valor sobre eles que nos permita concluír, tras a valoración, cal debe ser o noso comportamento. Noutras palabras, reflexionar sobre o alcance dos nosos actos e decisións antes de considerar correcto e permitido todo o que se pode facer, neste caso, o acceso ilimitado á documentación clínica. En segundo lugar, unha razón cultural ou social, que é a

# ética

banalización e o descrédito da confidencialidade na nosa sociedade, que prima a revelación e aínda a exhibición e tolera a satisfacción da curiosidade por encima de valores como a intimidade ou a autonomía. Sen un substrato cultural que promova o respecto da confidencialidade da información e das decisións autónomas sobre os nosos datos persoais e que o converta no noso hábito de conduta será máis difícil garantir o acceso correcto á documentación clínica e a adecuada protección da información que contén.

Tendo isto en consideración, e como complemento do labor previo da Comisión Galega de Bioética en materia de intimidade e confidencialidade no ámbito sanitario<sup>2</sup>, o Consello de Bioética de Galicia considerou prioritario elaborar un novo documento sobre esta materia en forma de guía, pois non pretende ofrecer unha discusión detallada das cuestións referidas á confidencialidade no ámbito sanitario, senón responder desde unha perspectiva ética aos principais interrogantes e conflitos sobre os accesos e os usos da historia clínica. Trátase dun texto con vocación práctica e deliberadamente sintético que quere orientar a actuación de todas as persoas implicadas e mostrar as razóns existentes para abrazar unha cultura de respecto á confidencialidade en relación coa documentación clínica.

A pesar da súa natureza práctica, tras este primeiro apartado introdutorio analízase a dimensión teórica da cuestión no apartado 2 que se ocupa de definir un marco ético composto por sete principios desde o que se analizarán e xustificarán os accesos á documentación clínica<sup>3, 4</sup>. A continuación, aparecerán esas

2 Comisión Galega de Bioética, Intimidade e confidencialidade: Obriga legal e compromiso ético. Documento de recomendacións. Santiago de Compostela, 2013. Dispoñible en [HYPERLINK](#) (Acceso: 11.9.2017).

3 AA.VV. A Confidencialidade, desde a Bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia. Santiago de Compostela, 2013. Dispoñible en [HYPERLINK](#) (Acceso: 11.9.2017).

4 Presidential Commission for the Study of Bioethical Issues. Privacy and progress in whole genome sequencing. Washington, D.C., 2012. Dispoñible en [HYPERLINK](#) . (Acceso: 11.9.2017).

situacións frecuentes, relevantes e controvertidas da práctica sanitaria e unha resposta ética fundamentada, que integran o apartado 3 e constitúen o núcleo do documento. O método empregado consiste na formulación dunha serie de preguntas desde diversas perspectivas (profesionais ou usuarios do sistema público de saúde de Galicia) agrupadas por ámbitos, seguidas dunha resposta breve apoiada nos principios éticos desenvolvidos no apartado precedente.

Esta nova realidade obriga a promover accións que garantan un tratamento correcto e seguro da documentación clínica, desde a formación das/os profesionais ata a implantación de medidas técnicas e organizativas. Por iso o documento finaliza cunha serie de recomendacións sobre os accesos e usos da historia clínica destinadas á Administración sanitaria, a profesionais e a usuarios do sistema público de saúde de Galicia.

# Dimensión teórica: marco ético

2

G 11 → 16

C 46 → 48

As respostas éticas sobre a confidencialidade e a protección dos datos persoais no ámbito sanitario, tanto en materia de accesos á documentación clínica como noutros escenarios relacionados, poden expresarse en forma de principios.

Os principios son normas abertas e flexibles que orientan a conduta. Representan un punto de partida do razoamento bioético, a partir do cal se obtén unha regra que determina ou especifica como actuar en cada caso concreto para garantir a mellor protección dos valores e dereitos en xogo.

O marco ético da confidencialidade está integrado por seis principios materiais ou substantivos e un principio metodolóxico. Estes sete principios non son os clásicos catro principios da Bioética norteamericana nin os propostos pola Bioética personalista, o principialismo europeo ou outros modelos de corte máis xurídico. Comparten a defensa dalgúns valores –autonomía, confianza, beneficencia, responsabilidade– e están referendados pola regulación xurídica sanitaria de protección de datos, pero distínguense deles na súa formulación e o seu alcance. En canto á primeira diferenza, porque case todos adoptan un enunciado e un contido distintos. En canto á segunda, porque non pretenden dar resposta a todos os problemas bioéticos, senón que atenden a cuestións de confidencialidade e datos persoais, aínda que algúns principios teñan un ámbito de aplicación maior e resulten igualmente válidos noutros contextos.

# Bioética

## → O principio de administración responsable

Establece a obriga compartida de garantir un uso responsable dos recursos propios e alleos, tomando en consideración ás persoas afectadas actuais e tamén aos que non interveñen ou non poden participar por si mesmas (p. ex. menores) e as xeracións futuras, así como as consecuencias no contexto no que se vai aplicar unha medida ou realizar unha intervención.

## → O principio de beneficencia pública

Ten como obxecto maximizar os beneficios públicos e minimizar os danos públicos, promovendo actividades individuais e prácticas institucionais que poden mellorar o benestar de todos/as, á vez que se adoptan medidas para evitar riscos e danos potenciais.

## → O principio de finalidade

Responde á pregunta para que se obtén, conserva ou utiliza a información. A finalidade debe ser lexítima, explícita, determinada e clara. A principal finalidade é a asistencial, pero existen outras que permiten un uso xustificado da información: investigación, estudos estatísticos ou epidemiolóxicos, actividades de docencia, administración e xestión, avaliación, inspección, acreditación e planificación sanitaria.

## → O principio de calidade

Refírese tanto á información como ao soporte que a contén; é dicir, regula tanto o contido como o modo de tratamento de tales contidos. Este principio impón un conxunto de obrigas positivas ou de dilixencia a determinadas persoas

# ética

implicadas no tratamento da información e os datos de carácter persoal, entre elas, profesionais asistenciais ou investigadores e as institucións e os centros sanitarios. Por unha banda, esixe que a obtención, conservación, utilización ou calquera outra modalidade de tratamento dos datos sexa lícita, leal e dilixente. Por outra banda, require que os datos tratados sexan adecuados, actualizados, veraces e non excesivos, en relación coa súa finalidade.

O principio de calidade alude, así mesmo, á custodia correcta da información, co que se garante que non se producen usos ou manipulacións indebidas. Como tal, o principio de calidade contén o principio de seguridade, que actúa como especificación e garantía daquel.

## → O principio de confidencialidade

Refírese á información e aos datos obxecto de tratamento, consiste no deber de omisión ou abstención esixible a calquera persoa que teña acceso ou coñecemento da dita información e, con carácter reforzado, ás/os profesionais que interveñan no seu tratamento: quen acceda, coñeza ou trate informacións dun terceiro está obrigada/o a gardar segredo e non revelalas sen a autorización do seu titular ou unha xustificación lexítima.

Esta obriga, denominada tamén deber de segredo, é inherente e ubicua –vai aparellada e acompaña ao dato–, e é perenne –non se extingue tras a finalización do tratamento que motivou o seu coñecemento, senón que permanece no tempo–.

# Bioética

## → O principio de autonomía

Presenta dúas manifestacións: a información ao paciente ou ao suxeito de investigación, como interesado e lexítimo titular dos seus datos persoais contidos na documentación clínica, e o seu consentimento para a obtención e o tratamento.

Este principio implica que pacientes e participantes na investigación deben recibir información pertinente, precisa e adecuada sobre a obtención e os usos dos seus datos. Poderán así coñecer a dita información e, ademais, decidir libremente se aceptan ou non a utilización dos seus datos para as finalidades descritas e nalgúns casos, establecer límites aos datos autorizados.

Na medida en que toda persoa ten dereito a decidir de maneira informada e voluntaria sobre aquilo que lle afecta, esta aceptación manifestarase a través dun consentimento inequívoco e explícito, oral ou escrito, salvo naquelas situacións nas que está xustificada o tratamento dos datos sen obter previamente o consentimento do seu titular (p. ex. enfermidades de declaración obrigatoria, nas que prevalece o principio de beneficencia pública).

Este principio desprégase nun conxunto de dereitos: acceso, rectificación, cancelación e oposición.

# Bioética

## → O principio de proporcionalidade

Ten carácter metodolóxico e guía a aplicación dos restantes principios mediante o uso dunha racionalidade prudencial e deliberativa.

Avalía a información necesaria en cada caso concreto e harmoniza os principios aplicables en cada situación mediante unha ponderación articulada en tres xuízos ou subprincipios:

1. **Adecuación.** Xulga se a medida ou medio empregado é capaz de lograr o fin previsto. Trátase dun xuízo sobre a idoneidade ou eficacia da medida.
2. **Necesidade.** Xulga e require que a medida escollida sexa a menos lesiva e igualmente eficaz entre os medios idóneos. Trátase dun xuízo comparativo sobre a eficiencia ou a menor vulneración dos distintos medios adecuados a favor do menos restritivo.
3. **Proporcionalidade en sentido estrito.** Esixe que os beneficios derivados da medida compensen os sacrificios ou cargas para a persoa e a sociedade. Neste sentido, canto maior sexa a interferencia nalgún dos principios (ou valores ou dereitos) tanto maior debe ser o beneficio derivado da medida para o principio ou principios que prevalezan.

# ética

TÁBOA 1: MARCO ÉTICO

<b>1</b> Principio de administración responsable	Usa os recursos de forma responsable e faite cargo das consecuencias individuais e colectivas das túas decisións.
<b>2</b> Principio de beneficencia pública	Busca o ben de todos/as, maximizando os beneficios e minimizando os prexuízos públicos.
<b>3</b> Principio de finalidade	Responde de forma clara, explícita e lícita á pregunta “para que obtés, conservas ou usas a información?”
<b>4</b> Principio de calidade	Trata e custodia os datos persoais de modo lícito, leal e diligente, e utiliza unicamente os datos actualizados, veraces e pertinentes que necesites.
<b>5</b> Principio de confidencialidade	Sé discreto/a, merece a confianza e non reveles un segredo sen autorización do/da afectado/a ou sen unha xustificación lexítima.
<b>6</b> Principio de autonomía	Os datos identifícanos. Somos titulares dos nosos datos e debemos recibir información adecuada para decidir libremente sobre o seu tratamento.
<b>7</b> Principio de proporcionalidade	Aplica os principios de forma prudente e razoable, pois non hai unha regra única a priori, e elixe a alternativa que protexa mellor todos os valores de modo eficaz.

# Dimensión práctica

## ámbito **asistencial**

1. Como profesional sanitario, é correcto consultar a historia clínica completa da/o paciente á/ao que lle estou prestando atención?

Si, cando sexa necesario para a atención adecuada ao/á paciente; se non, debería limitarme a acceder aos datos precisos en cada caso.

*Principios de finalidade, confidencialidade, calidade e proporcionalidade*

2. É correcto compartir a miña tarxeta sanitaria e as miñas claves de acceso a IANUS?

Non, a miña tarxeta sanitaria e as miñas claves son individuais e non debo compartilas. Son responsable de todo o que se faga con elas e dos posibles usos indebidos.

Convén lembrar que todos os accesos e usos quedan rexistrados e permiten a rastrexabilidade.

*Principios de administración responsable, confidencialidade, calidade*

3. Está xustificado que acceda á historia clínica dun/unha paciente que tratei e que foi derivado/a outro servizo ou a outro centro?

Si, cando se xustifique un vínculo asistencial, limitándome aos datos estritamente necesarios.

*Principios de finalidade, calidade e proporcionalidade*

# Bioética

4. Cando un/unha familiar ou persoa achegada pídeme que acceda á súa historia para saber o resultado dunha proba complementaria, é correcto que acceda?

Non, soamente está xustificado o acceso directo se teño un vínculo asistencial.

*Principios de finalidade,  
principio de administración responsable*

5. Se recibo unha chamada ou un correo electrónico dunha persoa que se identifica como familiar ou persoa achegada dunha/un dos meus pacientes, sexa ou non profesional sanitario, é correcto facilitarlle información clínica del/dela?

Non, salvo que o/a paciente autorizase que se lle proporcione a información clínica a esa persoa.

Convén lembrar que estas vías de comunicación non son medios seguros e non garanten que reciba a información a persoa autorizada.

*Principios de autonomía, confidencialidade,  
administración responsable e calidade*

6. Cando se lle proporciona atención sanitaria a unha persoa afectada por unha enfermidade que require traballar con datos xenéticos e acceder á historia clínica dos seus familiares, é necesario contactar con cada familiar para solicitar a súa autorización?

Como norma xeral, o acceso dunha/un profesional sanitaria/o á historia clínica dun familiar do seu paciente debe ser autorizado expresamente polo/a familiar, que é o/a titular da información.

No que respecta a análises xenéticas, para a súa realización sempre será preciso o consentimento expreso e específico por escrito de cada paciente.

*Principio de autonomía*

# Ética

## 7. Como cidadán/á, podo saber quen accedeu á miña historia clínica?

Debería poder sabelo, tanto se quen accedeu fixérono de forma xustificada coma se fixérono de forma inxustificada.

*Principios de autonomía, finalidade, calidade, confidencialidade e administración responsable*

## 8. Como paciente, podo recibir unha copia da miña historia clínica?

Si, utilizando as vías que o Sergas pon á miña disposición na plataforma e-Saúde ou solicitando copia da historia clínica ao servizo correspondente da área sanitaria.

*Principio de autonomía*

## 9. Como profesional residente en formación (médica/o, enfermeira/o, psicóloga/o, farmacéutica/o etc.), podo acceder a IANUS?

Si, sempre que estea xustificado por razóns asistenciais, limitándome aos datos estritamente necesarios.

As/os residentes en formación de calquera ano son persoal asistencial con vinculación laboral e deben acceder á historia clínica dos/as pacientes aos/ás que lles proporcionan atención sanitaria.

As autorizacións de acceso terán carácter temporal e concluirán cando finalice a miña vinculación laboral.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

# Bioética

**10. Como traballador/a social dun centro sanitario, podo acceder á historia clínica de pacientes?**

Si, debería acceder ás historias clínicas dos/as pacientes aos/ás cales lles presto atención, sempre que limite o acceso aos datos imprescindibles para o exercicio das miñas funcións.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

**11. Como médico/a forense, é correcto que acceda á historia clínica das persoas ás que valoro ou avalío, ou ben realizo a autopsia?**

Si, no exercicio das miñas funcións e para cumprir a finalidade que xustifica a miña intervención, limitándome aos datos estritamente necesarios e deixando constancia dos accesos.

*Principios de finalidade, calidade e proporcionalidade*

**12. Como profesional sanitario nun centro sociosanitario, podo ter acceso á historia clínica das/os pacientes ingresados?**

Si, para poder cumprir a miña función de prestar atención sanitaria ao/á paciente ingresado/a.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

**13. As/os profesionais sanitarias/os dos centros sanitarios privados concertados co Sergas, poden acceder á historia clínica dos/as pacientes?**

Si, para poder cumprir a función encomendada como centro concertado, prestar atención sanitaria a unha/un paciente concreto derivada/o a ese centro desde o Sergas.

# Bioética

Do mesmo xeito que o resto dos/as profesionais o acceso deberá limitarse aos datos estritamente necesarios para cumprir a correspondente finalidade.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

14. Os centros sanitarios privados concertados e os centros sociosanitarios antes mencionados, deben incluír na historia clínica da/o paciente a documentación clínica xerada pola asistencia sanitaria proporcionada nas súas instalacións?

Si, para garantir a integridade e a actualización da historia clínica.

*Principios de finalidade, calidade, beneficencia pública e administración responsable*

15. Está xustificado que as/os profesionais que forman parte de comités asistenciais ou comisións clínicas dos centros sanitarios que analizan casos concretos de pacientes accedan ás súas historias clínicas?

Si, poden acceder limitándose á información necesaria para o caso, xustificada por razóns asistenciais.

*Principios de finalidade, confidencialidade, calidade e proporcionalidade*

16. É correcto que un/unha profesional sanitario/a acceda á súa propia historia clínica? En que condicións?

Si, pero só se se estivese prestando asistencia sanitaria a si mesmo/a.

Cando queira acceder como usuaria/o debe utilizar as mesmas vías (acudir á/ao profesional sanitaria/o que lle presta atención, a plataforma e-Saúde ou solicitar copia da historia clínica ao servizo correspondente da súa área sanitaria) que o resto de usuarios/as do sistema sanitario.

*Principios de finalidade, autonomía e administración responsable*

# ética

17. Cando como profesional asistencial considero relevante que quede constancia dalgunha característica dun/unha paciente, podo tomar fotografías?

Si, sempre que sexa pertinente, vinculado á actividade asistencial, e que a/o paciente o autorice (por escrito ou verbalmente, deixando constancia escrita diso), logo de información do uso que se lles dará a estas. Nestes casos recoméndase preservar o anonimato.

*Principios de autonomía, finalidade, proporcionalidade, calidade e confidencialidade*

18. Cando necesito que unha/un compañeira/ou me dea a súa opinión acerca dunha/dun paciente que estou a tratar, é correcto enviarlle por correo electrónico datos da súa historia clínica?

Si, evitando revelar datos identificadores e utilizando un medio seguro de transmisión (arquivo ou documento cifrado por exemplo) que garanta a confidencialidade da información do afectado.

*Principios de calidade, proporcionalidade, confidencialidade e administración responsable*

19. É correcto levar á casa, de viaxe etc. os datos das historias clínicas dos meus pacientes?

Non. Naqueles casos en que fose necesario traballar cos datos persoais desde fóra do centro sanitario tería que dispoñer dunha autorización de acceso externo á información contida en IANUS.

*Principios de confidencialidade, calidade, proporcionalidade e administración responsable*

# Bioética

**20. Como médico/a de atención primaria ou especializada, que documentación da historia clínica lle pode entregar á/ao paciente?**

Aquela da que son responsable e cuxa entrega é pertinente e non excesiva, tendo ademais como criterio aquela que está á súa disposición a través da plataforma e-Saúde.

Toda entrega de historia clínica debería ir acompañada de información complementaria que axude a comprendela.

*Principios de autonomía, proporcionalidade e confidencialidade*

**21. Poden as empresas proveedoras de equipos dirixidos a tratar os/as pacientes nos seus domicilios utilizar os seus datos con outros fins (márketing, estudos de mercado etc.)?**

Non, a empresa provedora debe limitarse a utilizar os datos exclusivamente para a finalidade asistencial obxecto do contrato.

*Principios de finalidade e administración responsable*

# Bioética

## ámbito de **xestión**

1. **É correcto que os membros do equipo directivo dos centros sanitarios accedan á historia clínica de pacientes?**

Si, sempre que exista unha finalidade que o xustifique no exercicio das súas funcións.

*Principios de finalidade, administración responsable e confidencialidade*

2. **Está xustificado que o persoal de xestión e servizos acceda á historia clínica de pacientes?**

Si, sempre que o acceso se limite aos datos imprescindibles para o exercicio das súas funcións, e queda suxeito á mesma obriga de confidencialidade e calidade que os profesionais sanitarios.

*Principios de finalidade, confidencialidade, calidade e proporcionalidade*

3. **Como informático/a que traballo nun centro sanitario, podoo acceder ás historias clínicas das/os pacientes?**

Si, pero exclusivamente para o exercicio das miñas funcións, e quedo suxeito/a á obriga de respectar a confidencialidade.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

# ética

## ámbito **epidemiolóxico e de saúde pública**

1. **Como técnico de saúde pública, podoo acceder a historias clínicas?**

Si, sempre que o acceso se limite aos datos imprescindibles para o exercicio das miñas funcións.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e beneficencia pública*

2. **E podoo acceder á historia clínica dun/unha paciente para pescudar se padece unha enfermidade de declaración obrigatoria?**

Si, pero só cando haxa unha comunicación previa dunha posible sospeita clínica e sempre que o acceso se limite aos datos imprescindibles para o exercicio das miñas funcións.

*Principios de finalidade, beneficencia pública, calidade e proporcionalidade*

3. **E durante o desenvolvemento da investigación dun brote ou unha posible alarma de saúde pública?**

Si, sempre que o acceso sexa necesario para protexer o interese xeral (limitar a extensión do brote ou futuras repeticións, por exemplo), e se limite aos datos imprescindibles para o exercicio das miñas funcións como técnico de saúde.

*Principios de beneficencia pública, finalidade, calidade, e proporcionalidade*

# Bioética

## ámbito de **inspección**

1. Como inspector/a sanitario/a, podo acceder á historia clínica completa dunha/un paciente?

Si, podería acceder ás historias clínicas dos/as pacientes aos/as que lles presto atención, sempre que limite o acceso aos datos imprescindibles para o exercicio das miñas funcións.

*Principios de finalidade, calidade, proporcionalidade e confidencialidade*

# Bioética

## ámbito de docencia

1. Son unha/un alumna/o dunha titulación en período de formación nun centro sanitario. É correcto que acceda á historia clínica dos/as pacientes?

Non. Os/as alumnos/as presentes en centros sanitarios deben estar supervisados en todo momento e só poden acceder ás historias clínicas con datos persoais disociados ou historias clínicas simuladas.

Aínda que o acceso por razóns de docencia ou investigación é lícito, é desproporcionado que acceda o/a alumno/a, e quen debe acceder é o seu titor/a.

*Principios de finalidade, confidencialidade, calidade e proporcionalidade*

2. Se ademais de ser un profesional sanitario tamén realizo actividades docentes (cursos, talleres, clases, sesións) ou de divulgación científica (congresos, conferencias), poden realizarlles fotografías ou gravacións aos/ás pacientes que atendo e utilízalos?

Nunca sen a autorización por escrito do/da paciente, logo de explicación do uso e a finalidade destas, e garantindo a seguridade da información, o respecto á súa autonomía e a confidencialidade dos seus datos.

*Principios de autonomía, finalidade, confidencialidade e calidade*

3. Como profesional sanitario e docente, poden utilizar os datos clínicos dos/as pacientes nas clases, cursos etc. que imparto?

Si, poderei utilízalos sempre que estean anonimizados ou conte coa autorización expresa do/da paciente.

*Principios de autonomía, beneficencia pública e confidencialidade*

# Ética

## ámbito de **investigación**

1. Son unha/un profesional asistencial pertencente a unha sociedade científica da miña especialidade. Podo facilitarlle datos de pacientes aos/ás que proporcione atención para que os inclúa nos seus rexistros de pacientes ou desenvolva algún estudo de investigación?

Non, salvo que obteña previamente o consentimento específico por escrito das/dos titulares da información que queira ceder e a autorización da dirección do centro.

*Principios de finalidade, autonomía e administración responsable*

2. Son un/unha profesional asistencial e estou a realizar ou colaboro nun estudo de investigación. Podo utilizar os datos da historia clínica das/os pacientes?

Si, sempre que obteña previamente o consentimento específico por escrito do/da paciente e a autorización da dirección do centro sanitario para a finalidade de investigación.

De forma excepcional, cando non sexa viable obter o consentimento e xustifique suficientemente a necesidade de empregar os ditos datos clínicos para o desenvolvemento da investigación, podería utilizar os datos clínicos logo de ditame favorable respecto diso dun comité de ética de investigación.

*Principios de finalidade, autonomía, administración responsable e beneficencia pública*

# Bioética

3. Durante un estudo de investigación, podo utilizar os datos clínicos do dito estudo con outras finalidades distintas (docencia, publicación, divulgación etc.)?

Non, salvo que obtivese previamente o consentimento específico para cada finalidade, garantindo a confidencialidade dos datos do/da participante na investigación.

*Principio de finalidade, autonomía, confidencialidade, proporcionalidade e calidade*

4. Podo facer un estudo de investigación utilizando datos clínicos de persoas xa falecidas?

Si, sempre que non conste oposición expresa da persoa falecida, acceda só aos datos estritamente necesarios para a finalidade da investigación e obteña o informe favorable dun comité de ética de investigación.

*Principios de autonomía, finalidade, beneficencia pública, proporcionalidade, confidencialidade e calidade*

# Bioética

# Recomendacións

## Recomendacións

### → á Administración

Os/as directivos/as da Administración sanitaria galega teñen a responsabilidade de poñer á disposición das/os profesionais e usuarias/os tanto os medios como a formación necesaria para protexer a confidencialidade nunha materia tan sensible como o tratamento da información referente á saúde das persoas.

A eles correspóndelles:

- Continuar coa formación das/os profesionais en materia de confidencialidade e manexo de datos de carácter persoal.
- Ter en consideración a protección da confidencialidade á hora de deseñar ou remodelar as grandes e pequenas infraestruturas destinadas á atención sanitaria.
- Poñer á disposición dos/as profesionais os medios técnicos necesarios para realizar as tarefas acor-

# Bioética

des ao seu posto de traballo, garantindo a confidencialidade das/dos titulares da información clínica:

- Sistemas informáticos de almacenamento de información seguros que se manteñan actualizados de acordo cos novos riscos que vaian xurdindo.
  - Supervisión e control de todos os dispositivos de almacenamento de datos de saúde utilizados polos/as profesionais.
  - Deseño e implantación de sistemas de transmisión de datos a terceiros que garantan a confidencialidade dos/das titulares da información, por exemplo a instalación de sistemas de encriptación de mensaxes que permitan o envío seguro a través de correo electrónico corporativo.
- Establecer procedementos de acceso á historia clínica que contemplan con claridade, entre outras cuestións, quen pode acceder, en que supostos e os criterios de autorización e de notificación de incidencias.

# ética

- Incluir cláusulas ou contratos específicos de tratamento de datos nas relacións contractuais con terceiros colaboradores ou prestadores de servizos que deban ter acceso a datos de saúde, recollendo de maneira clara e detallada as responsabilidades de cada parte e as medidas de seguridade que hai que implementar e respectar.
- Informar a cidadanía dos diferentes usos que se realizan dos seus datos de saúde e establecer mecanismos que lles permitan consultar tales usos e exercer os seus dereitos.
- Informar a cidadanía da utilización de dispositivos de almacenamento e tratamento de grandes volumes de datos comunmente coñecidos como Big Data, para almacenar a información clínica, as finalidades de uso deses dispositivos, riscos e vantaxes etc.

# Bio

## Recomendacións

### → aos profesionais

É un deber dos profesionais tomar conciencia da importancia de garantir a confidencialidade de pacientes e usuarios dos centros sanitarios, para prestar unha atención sanitaria baseada no respecto e a confianza. Por iso, no desenvolvemento das súas actividades son responsables de:

- Respetar as medidas de seguridade que se estableceron para garantir a debida confidencialidade das/os usuarias/os.
- Acceder unicamente á información necesaria para prestar a atención sanitaria en cada caso e garantir a confidencialidade.
- Custodiar e utilizar de maneira correcta as súas claves individuais de acceso.
- Realizar un uso adecuado das ferramentas postas á súa disposición para o desenvolvemento da súa actividade profesional.

- Identificar e notificar os fallos de seguridade ou erros detectados nos procedementos establecidos para o correcto acceso e uso da historia clínica.
- Utilizar dispositivos para a captura de imaxes de pacientes que aseguren a confidencialidade.
- Establecer mecanismos para que ningunha persoa allea ao caso concreto poida acceder á información clínica. É recomendable a anonimización para o uso de datos clínicos con fins non asistenciais como investigación ou docencia.

#### Recomendacións

#### → á cidadanía

É necesario que a cidadanía colabore na implantación dunha cultura do respecto á confidencialidade. Por iso recoméndaselle:

- Exercer os seus dereitos con responsabilidade.
- Poñer en coñecemento da Administración responsable as situacións nas que teña coñecemento ou sospeita fundada de que os seus datos se utilizaron de forma inapropiada.

# Bioética

# Normativa

5

**G** 37 → 38

**C** 56 → 57

## Ámbito europeo

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

## Ámbito estatal

Sentenza do Tribunal Constitucional 290/2000, do 30 de novembro.

Sentenza do Tribunal Constitucional 292/2000, do 30 de novembro.

Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

# Bioética

**Real Decreto** 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**Orde** SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde.

# Ética

## Ámbito autonómico galego

**Lei 3/2001**, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo.

**Lei 8/2008**, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

**Decreto 29/2009**, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

**Orde** do 26 de outubro de 2011 pola que se especifican os criterios técnicos e/ou científicos para o acceso á historia clínica para os efectos epidemiolóxicos e de saúde pública.



# Ética en el acceso y en el uso de la documentación clínica

REFLEXIONES Y RECOMENDACIONES

**Autores**

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Ana Concheiro Guisán

Teresa Conde Cid

Olivia Díez Lindín

Irene Esperón Rodríguez

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Alberto Ruano Raviña

Silvia Sánchez Radío

José Antonio Seoane Rodríguez

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea

Alfredo Valdés Paredes

Isabel Vila Iglesias

Todos ellos integran el Consello de Bioética de Galicia. Los/as autores/as aprobaron este texto en la 19ª sesión ordinaria del pleno del Consello de Bioética de Galicia, celebrada el 12 de septiembre de 2017 en Santiago de Compostela.

*Agradecimientos: A Mª José Rubio Vidal y, en especial, a Jorge Prado Casal, por sus contribuciones a la mejora de este documento.*

# Ética en el acceso y en el uso de la documentación clínica

REFLEXIONES Y RECOMENDACIONES

C 43 → 43

G 5 → 6

## Presentación

El Consello de Bioética de Galicia es un órgano colegiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independiente al que le corresponde, según su Orden reguladora de 16 de octubre de 2015, asesorar a la Administración y a los profesionales de la salud, promover en el ámbito sanitario la formación y la consideración de la Bioética como criterios de calidad y buena práctica profesional, y contribuir a la información y favorecer el debate de la ciudadanía sobre las dimensiones éticas y sociosanitarias de la práctica asistencial.

